

MEMORIA CONSUMÓPOLIS 9

CONSUMIR ENTRE PANTALLAS

EQUIPO: PPSCA

CEIP PLURILINGÜE SANTA RITA

COMPONENTES:

Patricia Roca

Paula Sánchez

Sara Baz

Clara Martínez

Alejandra Dablanca

1.-Organización do equipo para a resolución das probas do xogo Consumopolis 9

A principios deste curso, en outubro, a profe díxonos que podíamos participar nunha actividade na que xa participaran outros compañeiros nos cursos anteriores, Consumópolis. A verdade é que pintaba divertido porque nos dixo que íamos dividirnos en equipos e que había dúas partes, unha era un xogo online e outra parte na que tiñamos que deseñar un cartel. Toda a clase estivemos de acordo. Imaxinades?, un xogo por equipos e cos ordenadores da aula. Xa nos tardaba empezar...O tema era: cómo usar responsablemente as redes sociais.

Ese mesmo día dividímonos en grupos de cinco e eliximos os equipos, os nomes, os nosos nicks e os contrasinais. Ao día seguinte e xa con todo, a coordinadora do noso equipo, Mary, inscribiunos e empezamos.

Xa estabamos embarcadas! A por todas

O primeiro foi crear un avatar, qué divertido! Todas eran tan chulas que non sabíamos cal elixir nin cómo vestila. Xa estabamos listas!

A primeira parte eran uns xogos moi divertidos que tiñamos que ir resolvendo, un circuíto, pero tiñamos que ter claro que traballabamos en equipo, así que axudámonos un pouco nos atascos. Tamén tiñamos opción de conseguir puntos extra con varios xogos.

Aproveitamos algún que outro recreo, ratos libres que tiñamos na casa, e tamén unha clase semanal na que temos varias actividades distintas,...así fomos facendo por conseguir todos os puntos posibles, axudándonos unhas a outras para avanzar.



2.-Documentación consultada.

A profe seleccionábanos algunhas das fichas pedagóxicas sobre temas determinados, que liamos na clase, ou tiñamos que expoñer en parellas, ou contestar un cuestionario sobre elas. A maioría das fichas eran sobre o Ocio, Internet, as redes sociais,...Aínda que consultamos algunhas máis pola nosa conta para solucionar as preguntas do circuito. Vimos vídeos relacionados cos enganos que te podes atopar na rede, o que debemos ou non facer cando utilizamos Internet,...Tivemos debates sobre o tema, contabamos ao resto dos compañeiros unha vez por semana o que líamos ou o que atopabamos sobre o tema.



Tiñamos algunha actividade de práctica coa aula virtual do cole, facendo o noso perfil, utilizando o foro, mandándonos mensaxes uns a outros,...

Ben, deu pena que rematara esa parte, era tan divertida, e aprendemos un montón a base de buscar información, ler e discutir entre nós para resolver os retos... e tamén xogando.

3.-Organización do equipo para a elaboración da frase e do cartel.

A parte máis complicada foi a elaboración do cartel e que frase poñer nel.



Buff, tiñamos tanta información e tan variada que non sabiamos por onde empezar, así que a profe tivo que axudarnos a centrar as ideas.

Primeiro para concretar os temas que víramos: inseguridade na rede, acoso,... case eran os que máis nos chamaran a atención de todos eles. Despois,

pensamos en situacións concretas, qué persoas tomaban parte, que sentimentos tiñamos cara ao tema segundo fóramos a vítima ou un dos “malos”.

Ao final decidimos o acoso na rede porque era moi fácil de ver: era igual que cando temos problema; entre nós no recreo ou incluso o temos visto no parque con outros nenos e nenas. Así foi fácil poñerse no sitio dos nenos que están no medio do problema, cando son o branco dos insultos,... e así nolo fixo ver a profe. Buscamos palabras relacionadas: acurralar, acosar, angustia, cadea,... Había que saber como debuxalo, así que cada unha fixo un bocexo coa idea discutida, as palabras que saíran, ... todo, e reunímonos para discutir o cartel e as frases. Mary, a coordinadora, explicounos que tiñamos que pensar un texto curto e que tiña que ter gancho, como un anuncio da tele, porque se trataba de “vender a idea”; que ademais tiña que ser moi visible para que quedara claro, e uns cantos consellos máis. Aínda que nos gustaban varias ideas das que tiñamos, esta nos pareceu xenial. Quedounos moi chulo! Estabamos contentas con el.

Cando tivemos a idea, decidimos quen debuxaba, quen faría as letras, con que,... ben, repartimos o traballo e puxémonos man á obra.

4.- Fontes documentais consultadas.



Buscamos exemplos en Internet e vimos varios vídeos e páxinas que tratan sobre o tema, pero o que en realidade nos axudou moito foron as fichas pedagóxicas e os debates que fixemos.

5.-Ferramentas dixitais e materiais empregados.

Decidimos facer un collage cun pouco de todo: cartolina, debuxo con rotuladores, goma eva,... así parecía que estaba en 3D.

Levounos tempo porque cando faciamos unha parte ocorríase nos outra cousa ou os debuxos eran moi pequenos, ou non nos gustaba a cor e había que cambiala. Quedámonos nos recreos, ou traíamos algo feito da casa,...Ata que por fin estivo listo.



6.-Como foi a experiencia?

A parte máis divertida foi a primeira, os xogos. Aprendemos moitas cousas con eles aínda que ao principio non estabamos moi centradas e perdemos puntuación por non fixarnos.

Traballamos moito e houbo cousas que nos parecían moi complicadas ao principio, por exemplo, pensar cómo poñer a idea no cartel aínda que sabíamos moito sobre o tema, pero resumilo nunha imaxe e case nunha frase parecía imposible.

En xeral foi moi divertido porque traballamos en equipo e os vídeos fixéronnos ver cousas das que non te dá conta ata que as ves. As exposicións que tiñamos que facer ou os debates estaban moi ben tamén porque era como se nós déramos a clase ese día.

Dixémoslle aos profes que se o curso que vén volve haber Consumópolis queremos participar 😊